



Suxestión ao Concello de Verea sobre gravación de entrevistas e probas practicas nos procesos de selectivos.

Expediente: A.4.Q/328/21

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED] referente a presuntas irregularidades nun proceso selectivo.

ANTECEDENTES

No escrito de queixa, esencialmente, púñase de manifesto o que se consideraba como irregularidades durante a tramitación do proceso, tales como:

- Que o temario da convocatoria constaba de 29 temas, sendo obxecto de exame tan só 4 temas.
- Que a dificultade do Test no era a propia dunha oposición de un grupo C2.
- Que a proba de entrevista, non foi gravada, nin se deixou constancia da mesma, entendendo que foi arbitraria, subxectiva e parcial.
- Que as preguntas na proba de entrevista, versaron sobre os mesmos 4 temas da proba do TEST.
- Escaso tempo transcorrido dende a convocatoria a proba do exame (menos de unha sema, o que fai inviable poder preparar dito temario.
- En cuanto a valoración dos méritos se fai alusión o seu cómputo global, pero non pormenorizado, e falla de motivación sobre os méritos non computables ao efecto.
- Nas resolucións que ditou o tribunal non se fai alusión a posibilidade de impugnar algunha pregunta ou a posibilidade de poder recorrelas.
- Que na convocatoria se establece que o Tribunal está composto por cinco membros e so estiveron presentes tres.

Ante iso requirimos informe a ese Concello, que xa nola remitiu con data de 15 de marzo de 2021 .

ANÁLISE

No informe remitido pola administración vaise dando contestación punto por punto as demandas feitas polo interesado.

No presente caso, na acta do Tribunal e no tocante a entrevista, ven recollido polo miúdo o desenrolo da mesma relatando as preguntas feitas polo Tribunal, a resposta do examinando e as interpelacións a mesma feitas polo Tribunal.

No referente a proporcionalidade entre preguntas e temario, o demandante puña de manifesto que a maioría das preguntas estaban referidas a catro temas. No informe da Administración faise un cadro comparativo entre preguntas e temas relacionados resultando que o 54% das preguntas corresponden a tres temas e o 25% a outros tres, polo que o 79% das preguntas refírense a 6 temas.

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Xunto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, que deberán estar sempre garantidos en calquera proceso de selección de persoal funcionaria ou laboral, non hai que esquecer o principio de independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección, principio recollido non só no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, senón tamén na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, das Administracións Públicas, que establece que os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercizo da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

SEGUNDA.- Como contrapartida a esa independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección e en garantía dos opositores, está previsto que os actos ditados por ditos órganos que poñan fin aos procesos selectivos, deberán estar motivados de acordo co que se dispoña nas normas reguladoras recollidas nas convocatorias, debendo quedar acreditados os fundamentos da resolución que se adopte no correspondente procedemento.

TERCEIRA.- No presente caso, Na acta do Tribunal e no tocante a entrevista, ven recollido polo miúdo o desenrolo da mesma relatando as preguntas feitas polo Tribunal, a resposta do examinando e as interpelacións a mesma feitas polo Tribunal.

CUARTA.- A recente sentenza do 5 de novembro de 2020 (rec. 5229/2018), considera que as probas teóricas teñen que axustarse fielmente á literalidade do temario e versar a cuestión ou exame sobre temas perfectamente identificados e explicitados no temario.

Entendemos, tamén que as preguntas do exame deberán abarcar tamén a maioría dos temas exixidos, co que se conseguiría unha maior garantía do principio de igualdade e transparencia

CUARTA.- Deixando sentado que o tribunal que xulgou o proceso selectivo ao que se refire a demandante, cumpriu as normas regulamentarias e as das bases da convocatoria, nembargantes, e respectando a independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección de persoal da administración pública, e a efecto de blindarse ante posibles reclamacións como a que é obxecto da queixa presentada, e de transmitir obxectividade, fiabilidade e máxima transparencia, evitando proxectar unha imaxe negativa e arbitraria, e como así se ven facendo xa en moitos ametos da administración:

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vereas a seguinte suxestión:

“Que respectando a independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección de persoal da administración pública, a fin de certificar que a selección se leva a cabo coa máxima transparencia, e sen prexuízo do levantamento da correspondente acta, e dentro das posibilidades materiais en cada caso, sería aconsellable que:

Se proceda a documentar (a través de vídeos, audios...) a realización de probas coma entrevistas, ou outras de carácter práctico, relacionadas coas tarefas a desempeñar no posto de traballo que teñan como finalidade a avaliación das competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación os postos de traballo.

Que no deseño do exercicio a levar a cabo, e sen detrimento da discrecionalidade técnica, se procure unha distribución proporcional entre preguntas e temario correspondente ”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)